

EXERCICIOS. ANÁLISE SINTÁCTICA

-Fai a análise das seguintes frases.

1. Feixes de pombas brancas asustadas.
2. Varios estudantes con carpeta e libros.
3. Lonxe da casa de teus pais.
4. Un falar bastante falso.
5. Portais moi ben feitos.
6. Un material arquitectónico.
7. Un investimento de moitos anos de paciencia atmosférica.
8. As campás das cidades asolagadas.
9. No esquecemento e nas ruínas.
10. Encaixe precioso e non mecanizable.
11. Os mortos e as memorias dos outros que fomos.
12. Nas construcións e nos espazos.

- Analiza sintacticamente as seguintes cláusulas.

1. Coido que pouco mudan as cousas en Galicia.
2. Os galegos só protestamos cando estamos lonxe.
3. Nos prolegómenos do xantar, o diplomático ofreceulle un viño do Porto ao seu convidado.
4. Nicomedes Pastor Díaz escanciou en dúas copas parte do líquido que contiña unha garrafa de cristal fermosamente traballada.
5. O empregado eventual do Serviza Exterior compartiu o pracer da palabra co silandeiro fumegar dun aromático xaruto de orixe ultramarina.
6. Paulo apagou as luces da casa antes de saír.
7. O xinete inexperto foi tirado polo cabalo branco.
8. Este libro escribiuno un ensaísta de moita sona.
9. Esta mañá o director informou ao persoal da empresa do cambio de horario.
10. Cando teña tempo hei facerche con papel de cores un papaventos.
11. O ano pasado esa entidade financeira contribuíu a reconstrucción da zona vella da cidade.
12. O problema consiste en coñecer canto antes as causas da enfermidade.
13. Sempre me din que te dedicas a burlarte dos teus amigos.
14. Os rapaces escoitaban todos atentos a explicación que lles daba o monitor de tempo libre.
15. O seu pico de ouro atrapoume outra vez cando xa lle daba as costas.
16. Considero antolóxica esta colección de discos que me regalaches.
17. Por vez primeira notei aquel estranxo sabor a torresmo humano no meu padal.
18. Quedaron abraiados ante unha catástrofe de tal magnitude.
19. Onte noteivos bastante cansas cando vos fun recoller ao aeroporto.